Betanzos

Rutas//

Ruta do casco histórico

O obxectivo desta ruta é dar a coñecer todo o patrimonio histórico artístico da cidade de Betanzos. O centro histórico de Betanzos foi declarado conxunto histórico-artístico en 1970 e conta con dous monumentos nacionais como son as igrexas de Santa María do Azougue e San Francisco. A través do percorrido polo recinto medieval da cidade (a única de Galicia que conserva tres portas medievais) coñeceremos episodios da historia da cidade, tamén feitos curiosos e visitaremos os principais monumentos.

PRAZA DOS IRMÁNS GARCÍA NAVEIRA (Estatua dos Irmáns García Naveira, Igrexa de San Domingos, Edificio Arquivo, Antigo Hospital de Santo Antonio, Fonte de Diana, Soportais) **• PALCO DA MÚSICA • PORTA DA VILA • PRAZA DA CONSTITUCIÓN** (Casa Núñez, Pazo de Bendaña, Concello, Pazo e Torre de Lanzós) **• IGREXA DE SANTIAGO • RÚA DOS FERREIROS** (Pazo de Taboada e Porta da Ponte Nova)) **• IGREXA DE SANTA MARÍA DO AZOUGUE • IGREXA DE SAN FRANCISCO** (Sepulcro de Fernán Pérez de Andrade "O Boo")) **• PORTA DO CRISTO • RÚA DA CERCA • PORTA DA PONTE VELLA • CONVENTO DAS AGOSTIÑAS RECOLETAS • CASAS POPULARES DA FONDE DE UNTA**

Ruta dos Irmáns García Naveira

O obxectivo desta ruta é dar a coñecer o labor dos Irmáns García Naveira, don Juan e don Jesús, grandes benfeitores da cidade no inicio do século XX. Este emigrantes a Arxentina ("indianos") lograron unha gran fortuna que dedicaron, ao seu regreso a Betanzos, á construción de grandes obras benéficas para os desfavorecidos e á creación dun lugar de ilusión, o xardín do Pasatempo, un parque enciclopédico que garda moitos soños por descubrir.

ESTATUA DOS IRMÁNS GARCÍA NAVEIRA • CASA DOS IRMÁNS GARCÍA NAVEIRA • CASA DO POBO • ESCOLAS DE DON JESÚS GARCÍA NAVEIRA • PASATEMPO • LAVADOIRO PÚBLICO • ESCOLA • ASILO GARCÍA HERMANOS

Festas//

Feira Franca Medieval

Ten lugar a segunda fin de semana do mes de xullo e supón unha volta atrás no tempo. Durante esas datas todo o centro antigo betanceiro se converte nunha cidade "tipicamente medieval" na que aparecen diversos postos de artesáns, con actividades da época, así como gran variedade de representacións teatrais e música de rúa. Declarada de Interese Turístico de Galicia.

Festas patronais de San Roque

Teñen lugar no mes de agosto entre os días 14 ao 25, ambos os dous incluídos. Realízanse na honra ao patrón da cidade, San Roque, e están declaradas de interese cultural debido ao variado programa de actividades que se desenvolven anualmente, e ao gran contido tanto relixioso como tradicional dos festexos. A afluencia de visitantes é masiva sobre todo nos días de actos tradicionais: **lanzamento do Globo** e **Os Caneiros**. O Globo lánzase na medianoite do día do patrón, o 16 de agosto. Os Caneiros celébranse o 18 e 25 de agosto, unha tradicional xira fluvial que enche o Río Mandeo de barcas engalanadas que transportan aos romeiros río arriba para gozar no campo dunha festa que dura todo o día.

Febreiro
Entroido
Encontro de Teatro Afeccionado

Marzo-Abril
Semana Santa

Maio
Feira 1.º maio
Festas de Santa María de Pontellas

Xullo
Feira Franca Medieval
Festas de Santiago de Requián
Certame de pintura ao aire libre Balconadas (cada dous anos)
Semana Internacional do Cine de Betanzos

Agosto
Festas Patronais de San Roque

Setembro
Romaría dos Remedios
Romaría dos Alborotados
Festas de Guiliade
Mostra de Viños e Produtos das Mariñas

Outubro
Semana da Tortilla

Novembro
Feira de Santos
Feira de San Andrés (30 novembro)

Decembro
Semana do Petisco
Mercado semanal martes, xoves e sábado. Feiras o 1 e o 16 de cada mes

Ruta do modernismo

O obxectivo desta ruta é dar a coñecer os edificios e elementos máis característicos do estilo modernista que se poden contemplar na cidade de Betanzos. A principios do século XX, Betanzos experimenta unha profunda transformación, deixa atrás as murallas medievais e constrúe unha serie de residencias familiares no estilo da época, o Modernismo. Arquitectos de fama como Rafael González Villar contribúen coa súa obra.

FONTE DE DIANA CAZADORA • CASA VALDONCEL 7 • CASA PITA • PALCO DA MÚSICA • CASA DE DOÑA ÁGUEDA • FAROIS DO CANTÓN • HOTEL RÚA NOVA • CASA NÚÑEZ • CASA LIMIÑÓN • CASA DO POBO • ESCOLAS DE DON JESÚS GARCÍA NAVEIRA • MATADOIRO • FÁBRICA DE ELECTRICIDADE DA PONTE NOVA • CASA FLORA

Ruta urbana, oficios e tradicións

O obxectivo desta ruta é dobre, por unha banda, explicar a configuración da cidade de Betanzos desde os comezos como o Castro de Untia ata a súa transformación nunha vila medieval e o paso á época contemporánea e, por outra banda, revisar os antigos oficios e gremios da cidade (que aínda perviven no rueiro) e as industrias que deron fama a Betanzos como pode ser o cultivo do viño, o lúpulo, a carpintaría de ribeira ou os areeiros. Haberá tempo tamén para explicar algunhas lendas relacionadas coa cidade de Betanzos.

MUSEO DAS MARIÑAS • PORTA DA VILA • RÚA DOS PRATEIROS • PORTA DA PONTE VELLA • PORTA DO CRISTO • PORTADA DE SAN FRANCISCO • PORTA DA PONTE NOVA • PORTO • A GALERA • RÚA VALDONCEL

Camiño Inglés

O Camiño Inglés xorde no século XII como alternativa ao Camiño Francés. É unha ruta que combina unha parte marítima utilizada polos peregrinos do norte de Europa (ingleses, irlandeses, nórdicos, etc) para evitar a ruta terrestre en épocas perigosas. É un camiño mixto (marítimo e terrestre) que unha vez que se asentou o Camiño francés como principal ruta, perdeu importancia, mais desde hai anos recuperouse e moitos peregrinos o percorren. É un camiño que non está explotado que permite percorrelo con tranquilidade e gozar dunha paisaxe que combina mar e interior, cidades medievais e aldeas galegas. Ademais, non é moi longo e permite chegar a Santiago en 4 ou 5 etapas.

O Camiño Inglés de peregrinación a Santiago parte de Ferrol e atravesa a comarca do Eume para chegar a Betanzos.
É unha etapa chea de recursos paisaxísticos e patrimoniais.

www.betanzos.es

T. Concello: 981 77 00 11
T. turismo: 981 77 66 66
Fotos e textos

© 2016 Concello Betanzos
Propiedade Intelectual

BETANZOS cerca

Luíslmo de Betanzos

Deputación DA CORUÑA

Concello de Betanzos

Monumentos//

Parque do Pasatempo 01.

Obra de indianos ricos, os irmáns García Naveira. Está situado nos arredores de Betanzos e dos 90 000 m² con que contaba orixinalmente o xardín do Pasatempo propiamente dito consérvase unha décima parte. A vista do que aínda podemos ver na sección coñecida popularmente como "as covas" fala por si mesma da súa miscelánea reprodución en cemento, un material absolutamente novo naqueles momentos. Comezamos polo que máis chama a atención que é, ademais das grutas e pasadizos subterráneos, o estanque do Retiro. Seguimos polos murais policromados que reproducen medios de transporte como o aeroplano, o dirixible, o funicular, os mapas da canle de Panamá, un mergullador escafandrista, a pirámide de Keops no testemuño dunha xira por Exipto, o mural España monárquica e as súas 18 Fillas Republicanas, a homenaxe a Arxentina, os reloxos cos fusos horarios mundiais, a mesquita de Mohamed Alí, elementos da mitoloxía, animais exóticos como un hipopótamo, un elefante, un xigantesco león…

Portas da cidade 02.

A antiga muralla de Betanzos, da que se conservan pequenas zonas, tiña 5 portas. Hoxe en día mantéñense en pé 3. A **Porta da Vila**, a principal, que estaba coroada por 3 escudos hoxe encaixados no lateral dunha vivenda, non se conserva mais si o nome que dá entrada como o seu nome indica ao centro histórico. As portas que se conservan son a **Porta da Ponte Nova**, a **Porta do Cristo** e a P**orta da Ponte Vella**.

Convento Agostinas Recoletas 03.

Ocupa o solar do desaparecido Hospital da Anunciata. Foi construído durante os séculos XVII e XVIII, e conserva do antigo edificio o claustro con dous relevos relativos á Anunciación, así como os escudos da fachada (de Carlos V e o da Vila).

Igrexa de San Domingos 04.

Está situada na Praza dos Irmáns García Naveira.
Comezou a construírse para mediados do século XVI, sobre unha antiga capela, coa chegada a Betanzos dos dominicos. Destaca a torre construída no século XVIII que segundo parece por doazón do arcebispo compostelán Monroy. O tradicional globo de **San Roque** elévase desta torre, na noite do 16 de agosto. Co templo edificouse o convento anexo, chamado **Convento de San Domingos**, que actualmente alberga a Biblioteca, o Arquivo Municipal e o Museo das Mariñas.

Museo das Mariñas 05.

O Museo das Mariñas foi inaugurado en 1983 e reinaugurado en 1993, despois da rehabilitación integral do edificio, que fora antigo convento de San Domingos (séculos XVI-XVIII). Aquí está tamén o **Arquivo** e a **Biblioteca Municipais**. Conta cunha variada colección de pezas que fan del un museo de referencia en Galicia. Completou os seus fondos a través de numerosas doazóns de particulares. Cómpre destacar o aspecto etnográfico da súa colección.

CIEC
Centro Internacional da Estampa Contemporánea 06.

A fundación CIEC, Centro Internacional da Estampa Contemporánea, fica no centro histórico de Betanzos, na coñecida como Casa Núñez, obra de Rafael González Villar do 1923. É un centro de arte gráfica: escola, taller, sala de exposicións, colección, biblioteca. Ten como obxectivo promocionar e difundir as artes plásticas en xeral e a arte gráfica en particular.

Igrexa de San Francisco 07.

Está situada na **Praza de Fernán Pérez de Andrade "O Boo"**. Segunda metade do século XIV. Ten planta de cruz latina. Os sepulcros de cabaleiros dos séculos XIV, XV e XVI constitúen o elemento histórico-artístico máis interesante do interior do templo, especialmente o sartego de Fernán Pérez de Andrade.
A porta principal da igrexa é apuntada con arquivoltas decoradas con motivos vexetais e xeométricos. No tímpano está o tema da **Adoración dos Reis**. Foi declarado Monumento Nacional en 1919. Hoxe é un BIC (Ben de Interese Cultural).
Sepulcro de Fernán Pérez de Andrade. Está situado aos pés do templo, baixo o coro, sostido por un oso e un xabaril. A cabeceira está adornada polo escudo da familia Andrade, e presenta aos laterais dúas escenas cinexéticas, todo iso en relevo. Pecha o sartego unha laxa granítica coa estatua xacente do cabaleiro vestido con armadura e en actitude de repouso, ao modo da época. Unha inscrición, co nome do defunto e a data de fundación do mosteiro, rodea a tapa.

Igrexa de Santa María do Azougue 08.

Fica na **Praza Fernán Pérez de Andrade "O Boo"**. Foi edificada entre a segunda metade do século XIV e a primeira do XV. Ten planta basilical e tres naves. A entrada está flanqueada por dous fornelos coas imaxes, un pouco arcaizantes, da Virxe e do arcanxo San Gabriel (Anunciación). Destaca o retablo do altar e o capitel co único calendario agrícola de Galicia. Foi declarado **Monumento Nacional** en 1944. Hoxe é un BIC (Ben de Interese Cultural).

Igrexa de Santiago 09.

Está situada na Rúa de Lanzós. Data do século XV. Presenta similitudes, tanto na súa arquitectura como na súa iconografía, con **Santa María do Azougue**. Ten planta basilical. Constitúe unha bela mostra da transición do románico ao gótico, aínda que un tanto desvirtuada pola reconstrución da fachada maior de 1900, na que se suprimiu a única torre que tiña o templo e se elevaron dúas torres rematadas por longas agullas de cemento, mais afortunadamente salvouse a porta principal.
No século XVI construíuse a torre municipal ou do Reloxo encostada a esta igrexa.

Praza dos Irmáns García Naveira 10.

Praza central da cidade e antigo campo da feira na que destacan varios elementos. A **Estatua dos Irmáns García Naveira**, trasladada desde o **Parque do Pasatempo**, o **Edificio Liceo**, construído como Arquivo do Reino de Galicia mais que nunca se utilizou como tal, tamén o Hospital de Santo Antonio, fundado por Antonio Sánchez de Taibo no século XVII, co obxectivo de albergar aos habitantes de Betanzos e aos peregrinos do Camiño Inglés a Santiago. Actualmente alberga o Xulgado. Destaca, así mesmo, o Colexio de Orfas, que data do século XVIII, a Fonte de Diana Cazadora cuxa inauguración data do ano 1867, é unha fiel reprodución da Diana do Louvre en ferro coado. Finalmente, a Casa dos Irmáns García Naveira que no seu momento rompeu con todo o existente na localidade e é evidente que se trataba de mostrar o poder dos seus promotores.

Praza da Constitución 11.

No corazón do centro histórico destacan os seguintes elementos: o **Pazo de Bendaña**, que foi construído no século XV e reconstruído no XVI, a Torre do Reloxo, de mediados do século XVI e planta poligonal cuxos escudos que rodean o reloxo falan de que a torre é propiedade municipal aínda que estea encostada á igrexa.
A **Casa do Concello** é un edificio de planta baixa e dous pisos, de estilo neoclásico, que foi deseñado no século XVIII polo arquitecto Ventura Rodríguez e o Pazo de Lanzós, reformado nos séculos XVII e XVIII, responde fielmente ao sobrio estilo galego da época.

Casas Populares Fonte de Unta 12.

O barrio da Fonte de Unta foi tradicionalmente un barrio de agricultores, conformado por casas e edificios singulares, cuxos elementos arquitectónicos respondían a necesidades da vida diaria. Os soportais tradicionais servían para resgardarse da choiva e os balcóns de madeira permitían secar o millo e facían as funcións de hórreos urbanos.





Lavadoiro Público 13.

Está na beira esquerda do río Mendo, ao cruzar a Ponte das Cascas, foi construído en 1902 por encargo dos Irmáns García Naveira. É un edificio funcional, na liña do racionalismo arquitectónico da época no que resalta a súa horizontalidade que se resolve en dúas plantas cun friso na parte superior.

Ponte das Cascas e Ponte Vella 14.

A **Ponte Vella** xa existía en 1219 co nome de "Unctia". Na actualidade ten unha lonxitude de 59 metros e está formada por cinco arcos de medio punto, con tallamares triangulares a ambos os lados. Citada xa con este mesmo nome no ano 1219, a Ponte das Cascas é, con toda probabilidade, a ponte máis antiga de Betanzos. Actualmente é a saída da cidade para os peregrinos do Camiño Inglés a Santiago de Compostela.

Santuario da Nosa Señora do Camiño – Os Remedios 15.

Pertence á parroquia de Tiobre e está situada na ruta do **Camiño Inglés a Santiago**. A igrexa actual foi edificada na segunda metade do século XVI baixo a dirección do mestre Juan de Herrera, e sobre o terreo dunha antiga ermida.

Río Pelamios 16.

Zona de beleza paisaxística onde podemos atopar restos de 19 muíños de maquía (nos que unha parte da moenda quedaba para o muiñeiro). Actualmente unha ruta de sendeirismo permítenos percorrer esta bela paraxe.

Mapa da cidade//